

## MINISTERIO DE FACENDA

AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

01/03/2024

### **A Dirección da AEAT pretende impoñer sen acordo coa parte social o novo modelo de información e asistencia**01/03/2024

A reunión celebrada o pasado día 27 pechouse sen acordo posto que **a Dirección da AEAT non se moveu na súa premisa de implementar o modelo sobre a base de "persoal voluntario"** que asumira estas tarefas a cambio dunha produtividade adicional para retribuír o horario "especial" até as 19h

Desde a **CIG insistimos en que as prazas suxeitas a este modelo teñen que ser retribuídas mediante un complemento específico** axustado ás tarefas e **ofertarse a cobertura mediante concurso/panel**. O contrario **supón abrir unha ADI a prezo de saldo** e en condicións máis precarias, posto que a intención da AEAT é poder separar do modelo a quen os xefes queiran

A retribución, ademais, irá a conta da bolsa de produtividade existente até que poida chegar a existir un incremento da mesma vía orzamentos do Estado. Isto quere dicir que **a AEAT implementará o modelo a custo cero**, e que da redución das nosas produtividades, das do conxunto de traballadores da AEAT, saíran os cartos para pagar o horario "especial" aos "voluntarios". E se non hai voluntarios?

Na CIG cuestionamos que a Dirección da AEAT manteña esta liña de precarizar os dereitos do seu persoal e mais de continuar a minguar o seu poder adquisitivo, posto que reducir a produtividade dos que menos perciben para financiar este modelo é iso: empobrecer á maioría do persoal mentres uns poucos levan a parte do león da produtividade, PIA, etc

**E dubidamos que sermos telefonistas as funcionarias sexa o que a cidadanía demanda**. A xente está farta de chamadas e quere un servizo público de calidade. Hai ferramentas virtuais e ADIs para información e asistencia especializada e ten que haber persoal abondo nas Administracións para atender ás persoas que precisen información

vix

Non logrando convencer aos representantes da AEAT na mesa xeral, acudimos, canda os demais sindicatos, a exporlle isto mesmo á Directora Xeral da AEAT, advertindo da necesidade de abordar este novo modelo de información e asistencia nunha negociación integral canda a actualización do acordo de carreira, o convenio colectivo do persoal laboral e a implantación do teletraballo. Posto que non amagou sequera con mover un chisco a posición da AEAT, a parte social acudiremos ao Presidente da AEAT e Secretario de Estado de Facenda (do que a CIG nada agarda) a advertir que, **de non haber cambio, haberá conflito**

Cremos que xa demos un tempo máis ca prudencial para agardar un cambio de rumbo na Dirección da AEAT e **chegou o momento xa de iniciar as mobilizacións**, que está comprobado que é a vía que funciona para defender e consolidar dereitos laborais tamén no sector público!